



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 17 de abril de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA
DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA
DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:33 horas do día 17 de abril de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10/04/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propostas
ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/1687

Dáse conta de escrito presentado polo Grupo Municipal de Esquerda Unida de propostas de actuación en apoio da ANPA da Escardia e en defensa do ensino público.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se remitiu no seu día un escrito á Xefatura Territorial de Educación solicitando un/ha orientador/a laboral, do cal se procederá a remitir unha copia ao grupo municipal de EU.

PRP2017/1738

Vista a proposta da responsable accidental do Servizo de Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona M^a Angela Fernández Sánchez** para o subministro de 120 camelias de distintas variedades para a súa plantación nas xardineiras da Avda. Rodrigo de Mendoza, por un importe total de 658,56 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1744

Dáse conta do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía e a Empresa Pereira, S.L., co fin de colaborar na extensión do Servizo de bono-bus a toda a poboación de Vilagarcía de Arousa, nas liñas que a empresa explota e teñan o punto de saída e chegada no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, comprometéndose o Concello a financiar este convenio no



ano 2017 (xaneiro a decembro de 2017) cun importe máximo de 45.000,00€ con cargo á partida 133-48401.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

PRP2017/1745

Dáse conta de escrito do **Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra**, solicitando que no prazo de dez días se proceda ao aboamento de indemnizacións fixadas no Auto de data 14 de decembro de 2015 (Procedemento Ordinario 226/2006-MS – P. Execución 38/10).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga, con cargo á partida 929.22699, coa seguinte desagregación:

- A favor de D. José Leirós Gude, polo importe de 3.174,47 €.
- A favor de Playa Compostela, S.A., polo importe de 3.690,60 €

Dar conta ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/1704

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a proposta da Oferta Pública de Prazas para o curso 2017-18 para accesos aos curso 1º do grao elemental e profesional (27 prazas).

Segundo: Aprobar o calendario de matriculación proposto.

Terceiro: Autorizar a publicación da oferta pública de prazas e calendario, así como a adopción de medidas organizativas precisas e necesarias para poder levar a cabo a matriculación do alumnado.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/1709

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente e os orzamentos presentados, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Multiservicios Contucho, S.L.** a retirada e xestión dos residuos de construción e demolición depositados no Punto Limpo de Pinar do Rei, por un importe total de 19.690,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/1727

Vista a solicitude de **Dona Manuela Ferreirós Robado**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración municipal para a contratación dunha coral, con cargo á partida 334.22609, con motivo da celebración da Festividade de Corpus en Vilaxoán o día 18 de xuño de 2017:

- Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, por un importe de 225 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello sendo obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/1728

Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación da **Asociación Comisión de Festas S. Pedro de Cornazo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración municipal para a contratación dunha coral, con cargo á partida 334.22609, con motivo da celebración das Festas Patronais de San Pedro en Cornazo, que se levarán a cabo dos días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2017:

- Asociación Cultural Coral San Pedro de Cornazo, o día 2 de xullo de 2017, por un importe de 225 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello sendo obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/1729

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a celebración dun concerto a cargo da artista vilagarciana **Ysied e a súa Banda**, a celebrar o día 6 de maio de 2017 no Salón García co fin de presentar o seu disco "LA VIDA PASAR", cun prezo de entradas de 5 €, sendo a recadación da venda de entradas para o Concello.

Acórdase así mesmo aprobar os gastos correspondentes a celebración do concerto con cargo á partida 334-22609, coa seguinte desagregación:

- Gasto correspondente a venda de entradas en taquilla según o convenio de colaboración: 247 butacas (aforo do salón García)x 0.10: 24,70€.
- Diego Basadre Barreiro: 2.057,00 € (IVE engadido)

Así mesmo será a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/1710

Dáse conta da proposta da Concellería de Urbanismo de adjudicación do contrato menor das obras de "Instalación multideportiva A Tomada de San Roque (Carril)", cun orzamento de licitación de 60.000,00 € e da única oferta presentada, seguinte:

- **Globalia Urbanismo Integral, S.L.** que ofrece o prezo de 41.569,99 € (IVE excluído), ó que correspondente un IVE (21%) de 8.729,70 €, dando un total (IVE incluído) de 50.299,69 € e as seguintes melloras:

840 m² Subministro e instalación de rede de nylon para seguridade e protección de campos de fútbol, baloncesto, instalacións deportivas. Malla (oco) 100 x 100 mm. Fio 4 mm. E 6 m. de altura. Os lugares de instalación serán fixados pola Dirección de Obra.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Adjudicar a **Globalia Urbanismo Integral, S.L.** o contrato das obras de "Instalación multideportiva A Tomada de San Roque (Carril)", polo prezo ofertado de 50.299,69 € (IVE incluído), con cargo á partida 341.63200.
- Nomear Director da obra ao Arquitecto Municipal redactor do proxecto D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña.



Proxecto (nº 01/048/2016).

PRP2017/1711

Dáse conta de notificación de modificación de resolución do 24/11/2016, de concesión de subvención en relación co expediente 39/2016.BS701A.AT relativo a obra de mellora: Adaptación de itinerario dende o transporte público á Praza da Peixería (pasos de peóns, reforma de plataformas de parada de bus e instalación de marquesiñas, por un importe de 45.297,52 €, consistindo a modificación en que se amplía o prazo de execución da citada obra ata o 05/05/2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1712

Dáse conta do manual de procedementos entidades DUSI(Organismos Intermedios Ligeros) do Concello de Vilagarcía de Arousa (Vilagarcía Avanza), para as actuacións cofinanciadas polo FEDER dentro do período de programación 2014-2020. Programa Operativo de Crecemento Sostible. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1713

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do Convenio suscrito no seu día con Don Wenceslao-Garra González de aluguer polo prazo de 2 anos do solar do que son propietarios sito na r/ Alfredo Brañas nº5 para aparcamento, por importe de 1.200,00€ ó ano, manténdose as mesmas cláusulas no sentido de asumir o Concello os gastos de acondicionamento da parcela, incluíndose como aspecto novo entre outros, a conformidade ao meso de Dona Celia Garra-González e a súa nai.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.